

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000041.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 14 de setembro de 2022, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENCIAS URBANÍSTICAS

1. MODIFICACIÓN DE LICENZA PARA CONSTRUIR UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN PENA, PARROQUIA DE CALDE (Expte: 2021/Y001/000236)
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA RÚA CAMPOS NOVOS, NÚMERO 56 (Expte: 2022/Y001/000004)
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UN EDIFICIO NA RÚA OTERO PEDRAYO E RÚA DE NOVA APERTURA (Expte: 184/2019).
4. LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NA RÚA RÍO LOUZANETA ESQUINA RÚA COUTO PEQUENO (LOUZANETA) (Expte: 2021/Y001/000082)
5. RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN ADOPTADA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3 DE AGOSTO DE 2022, EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO 2022/Y001/000079, PARA CONSTRUIR UNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES, NA AVENIDA ALFONSO X O SABIO (Expte: 2022/P014/000085).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac437974476892220305.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-9-2022

HUMANOS

CONTRATACIÓN

6. CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO DESTINADO AO EDIFICIO DE BENESTAR SOCIAL AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO ENMARCADO NA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (EDUSI) "MURAMIÑAE: DE LA MURALLA AL MIÑO", COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA FEDER 2014-2020. EXP. REF. 2022-C004-000019. DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN

7. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO (FURGONETA ELÉCTRICA DE NOVA FABRICACIÓN CON CERO EMISIÓN) PARA A BRIGADA DE AUGAS FINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (NEXT GENERATION EU) DENTRO DEL PROGRAMA ESTATAL DE INCENTIVOS Á MOBILIDADE ELÉCTRICA (PROGRAMA MOVES III). EXP. REF. 2022/C004/000005. ADXUDICACIÓN.

8. CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NOS CENTROS PÚBLICOS DE INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 2021-C003-000032. 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 16-11-2022 ATA O 15-11-2023.

9. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS URBANAS. EXP. 2020/C003/000010. 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 19/9/2022 ATA O 18/9/2023.

10. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN DOS CENTROS DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SITOS NA ZONA RURAL, ESPAZOS PROPIEDADE DO CONCELLO DE LUGO, E DIRIXIDO AS VECIÑAS E VECIÑOS DAS ZOAS RURAIS DO MUNICIPIO. CONTRATO RESERVADO A CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL E A EMPRESAS DE INSERCIÓN. EXP. REF. 2022/C003/000014. ADXUDICACIÓN.

11. CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E EXECUCIÓN DOS XARDÍNS VERTICAIS DO EDIFICIO IMPULSO VERDE, CORRESPONDENTE Á ACCIÓN C9 “AGRICULTURA URBANA DE SOLO E ALTURA” DO PROXECTO LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO+BIODINÁMICO. “PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTIECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA”, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO FINANCEIRO LIFE 2014-2020. EXP. REF. 2022/C004/000012. ADXUDICACIÓN.

12. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO E DOS CONTIDOS DO PORTAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO. (EXPTE. REF. 2019-004) (TECOL 2020/C003/000058). SEGUNDA PRORROGA QUE VAI DENDE A DATA 19-08-2022 ATA 18-08-2023.

13. CONTRATACIÓN -MEDIANTE SEIS LOTES- DE CAMPAÑAS DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL NOS DISTINTOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2022/C003/000021.

14. CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA A DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS” (LUGO). EXP. REF. 2022-C002-000016. ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

15. PROPOSTA MODIFICACIÓN ACORDO 8/501 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO DO 24-8-2022 DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: TÉCNICA; CLASE: MEDIA

16. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DE 1 PRAZA DE CELADOR/A CEIP NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DESTE CONCELLO PARA O ANO 2022.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac437974476892220305.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-9-2022

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao Vicesecretario, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,